

Árbore Senlleira de

Idade aproximada: 100 anos
Medidas aproximadas:
Altura: 31,10 metros
Diámetro troncal: 3,40 metros
Anchura copa: 16,80 metros

CASTIÑEIRO DE INDIAS

Aesculus hippocastanum

SABÍAS QUE...? A pesar de ser moitos os Castiñeiros de Indias que se poden atopar en parques e xardíns de toda a xeografía galega, o que podemos atopar no Xardín Botánico Artístico de Padrón é realmente singular, non só pola súa magnitude, senón tamén pola

É unha árbore de grande porte pertencente á familia das Sapindaceae. Denomínase comunmente falso castiñeiro debido a que os seus froitos presentan unha gran similitude externa coas das árbores do xénero Castanea, da familia das fagáceas. Orixinaria dunha pequena zona boscosa dos Montes do Pindo e dos Balcáns (Albania, Bulgaria, antiga Iugoslavia e Grecia), atópase aclimatado e amplamente cultivado en rúas e parques das rexións tépedas de todo o globo.

Nome común: Castaño de Indias, Castaño loco, Falso castaño o Castaño de la India (cast.); castiñeiro de Indias, castiñeiro das bruxas ou castiñeiro da India (gal.); Common Horse Chestnut (ing.).

Etimoloxía:

· Aesculus: nome latino dado por Linneo en 1753 e 1754, a partir do latín antigo aesculus

· hippocastanum: do grego ἵππος, hippos, o cabalo e o latín castanea, derivado do grego χάστανον, a castaña, e que significa literalmente "castaña de cabalo"

Descrición da especie: É unha árbore que pode superar os 30 metros de altura, con tronco erecto que desenvolve numerosas ramas. As follas son grandes e opostas, disposición palmeada, teñen un longo pecíolo e están divididas en 5 ou 7 folíolos. A súa forma é ovalada e o seu bordo dentado. As flores son branco-rosadas, de abril a maio, e forman panículas piramidais. A corola ten cinco pétalos, o cáliz ten forma de campá. O froito, a "castaña de indias", é unha cápsula cun envoltorio espiñento dehiscente en tres partes para liberar as sementes contidas no seu interior (normalmente unha e en ocasións dúas), duns 5 cm, e que presentan unha pel de cor marrón escura cunha notable marca clara ou esbrancuxada na súa base. Non é comestible para o ser humano pola súa alta toxicidade, pero certos animais son inmunes á esculina, que é o principal composto velenoso que contén. A súa coloración outonal e a súa floración son espectaculares.